

TR302D

Bonos Talento Empresa.

Procedemento dirixido a: Empresas e profesionais

 Convocatoria 2025 - Prazo pechado: 18/07/2025 00:00 - 15/09/2025 23:59

Apoio ás pemes

Emprego autónomo

Formación para o emprego

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Sobre o procedemento

Obxecto

Concesión dos bonos talento empresa destinados á formación non formal mediante a realización de proxectos formativos de curta duración que teñan como obxectivo mellorar as capacidades das empresas e contribuír ao desenvolvemento profesional dos seus cadros de persoal.

A quen vai dirixido?

1. Poderán solicitar as subvencións previstas nesta orde as microempresas, pequenas e medianas empresas (pemes) e grandes empresas, segundo as definicións do artigo 3 da presente orde, validamente constituídas e con actividade ininterrompida, cando menos, desde tres anos antes da data de publicación da presente convocatoria, con centro de traballo en Galicia, onde deberán desenvolver a actividade para a que solicitan a subvención, que posúan capacidade técnica e financeira suficiente para a execución das accións subvencionadas e non incorran nas circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As entidades solicitantes deberán acreditar a categoría da empresa de que se trate, pequena, mediana ou grande, no momento de presentar a solicitude de axuda.

Non poderán ser beneficiarias dos Bonos Talento empresa as empresas en crise segundo as definicións do artigo 3 da presente orde, nin aquelas que estean suxeitas a unha orde de

recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración realizará as comprobacións necesarias para verificar se as entidades beneficiarias teñen a condición de microempresa, pequena, mediana ou grande empresa e, de ser o caso, que se cumpren as condicións establecidas no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión, para considerar unha empresa en crise.

2. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas que teñan contratadas ao seu cargo persoas traballadoras por conta allea, validamente inscritas no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar por conta propia, con centro de traballo en Galicia e cunha antigüidade como cotizante igual ou superior a tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data de publicación da presente convocatoria.

Non poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas en situación de autoemprego societarias, en calquera das súas formas. Así mesmo, quedan excluídas desta orde as persoas traballadoras autónomas colaboradoras e familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea, conforme o establecido no artigo 1.3.e) do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

3. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, os centros especiais de emprego, as entidades de formación, así como as entidades sen ánimo de lucro. Así mesmo, non poderán ser beneficiarias as persoas socias de sociedades mercantís ou sociedades laborais.

A onde acudir

Xunta de Galicia Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego
Servizo de Acreditación das Cualificacións e Fomento das Capacidades

Edificios Admvos. San Lázaro, s/n

15702 Santiago de Compostela (Coruña, A)

Teléfono: 981546840

Fax: 981544604

Email: sx.cualificacions.emprego@xunta.gal

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/bonos-talento-empresa>

Órgano responsable

Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Requisitos e documentación

Prazo

Prazo de presentación: PECHADO

18/07/2025 00:00 - 15/09/2025 23:59

1. O prazo de presentación de solicitudes, que en ningún caso será inferior a un mes, comezará o quinto día hábil posterior ao día da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e finalizará o 15 de setembro de 2025, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.
2. O esgotamento de crédito publicarase no Diario Oficial de Galicia, producirá a imposibilidade de continuar outorgando subvencións ao abeiro desta e constituirá motivación suficiente para a denegación do resto de subvencións non concedidas.

Requisitos

Para obter a condición de beneficiaria destas subvencións requirirase:

- a) Asumir a totalidade de dereitos e obrigacións inherentes a tal condición, derivada da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Cumprir co estipulado nestas bases reguladoras.
- c) Non incorrer en ningún dos supostos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Non ter débedas por reintegro de axudas ou préstamos coa Administración, ou estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Documentación para a presentación

Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia,

<https://sede.xunta.gal>. Esta obrigaón de presentación electrónica mantense durante toda a tramitación do expediente.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución en que se desestimar á solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de persoa usuaria e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). Estes formularios soamente terán validez se están debidamente asinados pola persoa que exerce a representación legal da entidade correspondente ou persoa debidamente acreditada.

3. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación incondicional das presentes bases reguladoras.

4. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, serán causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. As entidades beneficiarias realizarán as seguintes declaracións responsables, empregando para o efecto o formulario do anexo I:

i. Relación doutras axudas concedidas ou solicitadas para o mesmo proxecto ou conceptos obxecto de solicitude.

ii. A veracidade de todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan.

iii. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

iv. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

v. Estar ao día nas obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

vi. Que a entidade solicitante posúe un centro de traballo en Galicia e desenvolverá en Galicia as actividades para as que se solicita a axuda.

- vii. Que a entidade solicitante coñece que as persoas ou empresas provedoras non poderán estar asociadas nin vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren nelas ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9 /2007, de subvencións de Galicia, nin no artigo 43 do Regulamento que desenvolve a dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, tendo en conta, ademais, o disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014 sobre empresas vinculadas.
- viii. Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos da actuación para a cal se solicita a axuda.
- ix. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados.
- x. Coñecer que as axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria están cofinanciadas polo programa FSE+ Galicia 2021-2027 nun 60 %.
- xi. Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.
- xii. Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.
- xiii. Non atoparse en ningunha situación que a configure como empresa en crise e, polo tanto, a exclúa de ser beneficiaria, conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) núm. 651 /2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.
- xiv. Non estar incurso nun procedemento de concurso de acredores.
- xv. Non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
- xvi. Cumprir cos criterios de definición de microempresa, pequena, mediana ou grande empresa, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior (DOUE L 187, do 26 de xuño).
- xvii. Estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.
- xviii. Estar validamente constituídas e con actividade ininterrompida, cando menos, desde tres anos antes da data de publicación da presente convocatoria. No caso das persoas traballadoras autónomas, estar de alta ininterrompidamente cunha antigüidade mínima de tres anos no réxime da Seguridade Social correspondente.

xix. A actividade que se subvenciona non causa un prexuízo significativo (Do no significant harm) aos obxectivos ambientais nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) nº2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2019/2088, e restante normativa de aplicación.

xx. A actividade que se subvenciona non está incluída na oferta de formación, formal e non formal, recollida no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

xxi. A entidade solicitante non celebrou ningún tipo de acordo contractual, nin compromiso xurídico firme antes da presentación desta solicitude.

Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude da axuda (anexo I) a seguinte documentación:

a) Anexo II (memoria proxecto formativo).

b) Anexo III (ficha de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas).

c) Anexo IV, declaración da condición de peme: mediana, pequena empresa ou microempresa, para os efectos de calcular a porcentaxe de intensidade máxima (50, 60 ou 70 %) do gasto subvencionable, en función do tamaño da empresa, segundo o indicado no artigo 11.2. Deberán cubrir este anexo IV todas as entidades solicitantes, independentemente de se son empresas ou autónomos/as. Non é necesario que o cubran as grandes empresas, ás que se lles aplicará a intensidade do 50 %.

d) Unicamente no caso de ser pemes vinculadas ou asociadas ou participadas, segundo as definicións recollidas nos artigos 3.4 e 3.5 desta orde, de acordo cos criterios establecidos no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, deberanse achegar, ademais do anexo IV:

- Os anexos IV-A e IV-A.1, no caso de empresas asociadas, e/ou

- Os anexos IV-B e IV-B.1, no caso de empresas vinculadas,

- Tamén se deberá achegar, en ambos os casos, como documentación complementaria, para cada unha das empresas vinculadas e/ou asociadas, a documentación das alíneas f), g), h) e i) deste artigo.

e) Cando se actúe mediante representación, documento público acreditativo do poder con que actúa a persoa representante da entidade solicitante (escrituras, poder coa suficiencia verificada, entre outros).

f) No caso das entidades que estean obrigadas á inscrición no Rexistro Mercantil ou en calquera outro rexistro público, nota simple ou certificación do Rexistro Mercantil actualizadas, en que se especifiquen a data de constitución, o obxecto social, sede social e clasificación CNAE. No suposto de que sexan empresas que non están obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou en calquera outro rexistro público ou que non teñan o domicilio social en Galicia, deberán presentar documentación acreditativa da constitución, en que se especifique a data en que se produciu esta. No caso de persoas traballadoras autónomas, informe de vida laboral actualizado.

g) Declaración completa do último exercicio fiscal pechado do imposto de sociedades (modelo 200), do imposto da renda das persoas físicas (modelo 100) ou da declaración informativa (modelo 184), segundo corresponda pola forma xurídica da entidade solicitante.

h) Informe de traballadores/as en alta (ITA) emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data de solicitude da axuda.

i) Informe do cadro de persoal medio anual, emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do último exercicio fiscal pechado.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou estes documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego poderá requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a tramitación e resolución do procedemento.

Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente, con carácter previo á concesión, os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- g) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas.
- i) Consulta de concesión de subvencións e axudas.
- j) Imposto de actividades económicas (IAE).
- k) Consulta da vida laboral de todos os códigos de conta de cotización da entidade solicitante, referidos ás persoas participantes nas accións formativas obxecto da subvención.
- l) DNI ou NIE da persoa participante na acción formativa.
- m) Consulta de la vida laboral da persoa participante na acción formativa.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás empresas ou ás persoas traballadoras autónomas a presentación dos documentos correspondentes.

4. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, conforme o artigo 21.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desen como resultado que a persoa beneficiaria ten débedas ou obrigas con algunha das administracións, será requirida para que, no prazo de dez días, regularice a situación e presente o correspondente certificado.

Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deberán realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Anexos asociados

Fase de solicitude

- Declaración da condición de PEME - Empresa vinculada (Anexo IV-B)

Para realizar este trámite presencialmente debes imprimir o seguinte modelo e presentalo nunha oficina.

Utiliza a opción "DESCARGAR PDF IMPRESIÓN" para imprimilo.

Podes cubrir o formulario en liña e imprimilo unha vez cuberto. Poderás gardar os avances e continuar noutro momento utilizando as opcións "Gardar" e "Recuperar".

Continuar Pechar

- Memoria de proxecto formativo (Anexo II)

Para realizar este trámite presencialmente debes imprimir o seguinte modelo e presentalo nunha oficina.

Utiliza a opción "DESCARGAR PDF IMPRESIÓN" para imprimilo.

Podes cubrir o formulario en liña e imprimilo unha vez cuberto. Poderás gardar os avances e continuar noutro momento utilizando as opcións "Gardar" e "Recuperar".

Continuar Pechar

- Declaración da condición de PEME- Empresa asociada (Anexo IV-A)

Para realizar este trámite presencialmente debes imprimir o seguinte modelo e presentalo nunha oficina.

Utiliza a opción "DESCARGAR PDF IMPRESIÓN" para imprimilo.

Podes cubrir o formulario en liña e imprimilo unha vez cuberto. Poderás gardar os avances e continuar noutro momento utilizando as opcións "Gardar" e "Recuperar".

Continuar Pechar

- Comprobación de Datos de terceiras persoas participantes nas accións formativas (Anexo III)
- Declaración da condición de PEME (Anexo IV)

En caso de utilizar un certificado electrónico, lembre que debe ter instalada a aplicación de escritorio Autofirma.

- Se non a ten instalada siga as instrucións desta ligazón
- Se xa ten instalada a aplicación ou utilizará Chave365, faga clic no botón Continuar.

Continuar Pechar

Para realizar este trámite presencialmente debes imprimir o seguinte modelo e presentalo nunha oficina.

Utiliza a opción "DESCARGAR PDF IMPRESIÓN" para imprimilo.

Podes cubrir o formulario en liña e imprimilo unha vez cuberto. Poderás gardar os avances e continuar noutro momento utilizando as opcións "Gardar" e "Recuperar".

Continuar Pechar

- Declaración da condición de PEME - Ficha de vinculación (Anexo IV-B.1)

En caso de utilizar un certificado electrónico, lembre que debe ter instalada a aplicación de escritorio Autofirma.

- Se non a ten instalada siga as instrucións desta ligazón
- Se xa ten instalada a aplicación ou utilizará Chave365, faga clic no botón Continuar.

Continuar Pechar

Para realizar este trámite presencialmente debes imprimir o seguinte modelo e presentalo nunha oficina.

Utiliza a opción "DESCARGAR PDF IMPRESIÓN" para imprimilo.

Podes cubrir o formulario en liña e imprimilo unha vez cuberto. Poderás gardar os avances e continuar noutro momento utilizando as opcións "Gardar" e "Recuperar".

Continuar Pechar

- Declaración da condición de PEME - Ficha de asociación (Anexo IV-A.1)

En caso de utilizar un certificado electrónico, lembre que debe ter instalada a aplicación de escritorio Autofirma.

- Se non a ten instalada siga as instrucións desta ligazón
- Se xa ten instalada a aplicación ou utilizará Chave365, faga clic no botón Continuar.

Continuar Pechar

Para realizar este trámite presencialmente debes imprimir o seguinte modelo e presentalo nunha oficina.

Utiliza a opción "DESCARGAR PDF IMPRESIÓN" para imprimilo.

Podes cubrir o formulario en liña e imprimilo unha vez cuberto. Poderás gardar os avances e continuar noutro momento utilizando as opcións "Gardar" e "Recuperar".

Continuar Pechar

Despois de presentar

Resolución

Prazo de resolución:

Dous meses

Sentido do silencio:

Negativo

Unha vez presentado este trámite pode consultar o seu expediente en "A miña sede"

Normativa

Normativa

- **ÁmbitoAutonómico**

- Orde do 27 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2025 e 2026 (DOG nº 132 do 11 de xullo de 2025).

Ligazón á normativa

- Extracto da Orde do 27 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2025 e 2026 (DOG nº 132 do 11 de xullo de 2025).

Ligazón á normativa

- Resolución do 5 de novembro de 2025, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se dá publicidade do esgotamento do crédito da anualidade de 2025 do código de procedemento TR302D, da Orde do 27 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades de 2025 e 2026 (DOG nº 219 do 12 de novembro de 2025).

Ligazón á normativa

- Resolución do 10 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se dá publicidade do esgotamento do crédito da anualidade de 2026 do código de procedemento TR302D, correspondente á Orde do 27 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que se desenvolvan por parte das entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades de 2025-2026 (DOG nº 243 do 17 de decembro de 2025).

Ligazón á normativa

- Resolución do 29 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 27 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de

curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2025 e 2026 (DOG nº 06 do 12 de Xaneiro de 2026).

Ligazón á normativa